



O ENXAME DAS PALABRAS. ENTRE A POESÍA E AS PEQUENAS PROSAS: OBRADOIRO DE ESCRITA CREATIVA

A actividade estará a cargo de Apiario, que proporcionará o material necesario para o seu desenvolvemento.

SOLICITUDES

Poden solicitar praza as persoas maiores de 18 anos que teñan o carné da Rede de Bibliotecas de Galicia.

A praza adxudicada será intransferible.

INSCRICIÓN

A inscrición realizarase exclusivamente a través do formulario que estará aberto dende as 08:30h do 1 de setembro ata as 23:59 do 15 de setembro na nosa páxina web.

Cubrirase unha solicitude por persoa que queira participar e indicarse o seu número de carné da biblioteca.

A presentación da solicitude implica a aceptación das normas deste procedemento.

PRAZOS

Presentación de solicitudes	Das 08:30 do martes 1 de setembro ás 23:59h do 15 de setembro .
Adxudicación das prazas e elaboración da lista de agarda	O xoves 17 de setembro realizarase un único sorteo no que as solicitudes recibidas se ordenarán aleatoriamente, dando lugar á lista de persoas admitidas e de agarda.

Comunicación ás persoas admitidas no obradoiro	A partir do 17 de setembro publicarase na nosa páxina web un listado cos nomes das persoas admitidas no obradoiro.
Comunicación ás persoas na lista de agarda	Comunicación por chamada telefónica. Faranse 3 chamadas en 2 días distintos. Se non hai resposta, pasarase á seguinte persoa na lista. O número de teléfono dende o que se realizará a chamada comezará por 881 999 ---
Renuncias	Ata o 5 de outubro No correo electrónico biblio publica.santiago@xunta.gal

ADXUDICACIÓNS DE PRAZAS

A adxudicación das 15 prazas realizarase por sorteo con medios informáticos que se celebrará o 17 de setembro.

O sorteo tamén dará lugar a unha lista de agarda.

RESULTADO DO SORTEO

A partir do 17 de setembro publicaranse na nosa páxina web os nomes das persoas admitidas. Só chamaremos por teléfono ás persoas que queden en lista de agarda.

NON ASISTENCIA

O procedemento para renunciar á praza é o seguinte:

- Pode renunciarse á praza ata o 5 de outubro no correo electrónico biblio publica.santiago@xunta.gal
- **Faltas de asistencia.** O control realizarase en cada sesión mediante unha folla na que as persoas asistentes deben asinar. A finalidade deste control é que, se algunha participante no obradoiro de escrita falta de forma reiterada, outras persoas que estean na listaxe de agarda poidan formar parte da actividade no seu lugar. Hai que ter en conta que a demanda é moi alta, polo que desexamos que o maior número de usuarias e usuarios poida aproveitar esta oportunidade.
 - Faltas non xustificadas: O número máximo será de 2. En caso de superar esta cifra, a praza pasará automaticamente á primeira persoa da lista de agarda.
 - Faltas xustificadas: Só se permitirán as faltas por motivos de saúde. Non se contabilizarán sempre que estean xustificadas mediante un documento acreditativo (parte de baixa ou informe médico).